**1941** Nace en **Ourense**, marcha para Xinzo de Limia, despois estuda no Seminario de Ourense e en Compostela fai a carreira de **Filosofía e Letras**

**1969** Traballa de profesor en Viana do Bolo, acúsano de comunista, **expediéntano** e impídenlle seguir dando clases. Marcha para Bilbao.

**1971** Casa con **Kristina Berg** semanas despois de coñecela nun tren. Grazas a ela entra en contacto con Suecia e outras formas de vivir en Europa. Terán dous fillos.

**1977** É a persoa máis nova en ingresar na **Real Academia Galega**



**1981** Entra como deputado no **primeiro Parlamento galego** nas listas do PSdeG-PSOE.

**1983** Forma parte da comisión de redacción da **Lei de Normalización Lingüística**.

**1985** Convértese no director xeral da **Editorial Galaxia**, un labor que vai desempeñar ata a súa morte.

# CARLOS CASARES

**1996** Asume a presidencia do **Consello da Cultura Galega**.

**2002** Este intelectual galeguista morre en **Vigo** despois de ter destacado como escritor, editor e columnista.

**DESPOIS** Publícase a súa novela *O sol do verán*, recibe o premio Roberto Blanco Torres de periodismo, constitúese a **Fundación Carlos Casares** e en 2017 é o autor homenaxeado no **Día das Letras Galegas**.

*A caricatura central é un fragmento da capa da obra *Carlos Casares. Vida e literatura* publicada por Xerais.